



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Instrucción 4/2020 sobre a reincorporación ao traballo presencial das/dos empregadas/os públicas/os do Concello de Bergondo

A presente Instrucción dítase ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

1. Antecedentes

O pasado 13 de marzo de 2020, antes de que o Goberno central proclamase o Estado de alarma, e ante a situación xerada naqueles momentos en relación coa epidemia do Coronavirus, e seguindo a liña marcada polo propio Goberno Central e pola Xunta de Galicia, en concreto o establecido nas Resolucións publicadas no DOG de 12 de marzo núm, 49-Bis, o Concello de Bergondo, coa finalidade de preservar a saúde dos seus traballadores/as e colaborar cos organismos oficiais, ditou a Instrucción 2/2020 pola que se trasladaba aos seus empregados/as as seguintes recomendacións: seguir as recomendacións de hixiene marcadas nas citadas Resolucións e as publicadas nas últimas horas e con respecto ao traballo, favoreceráse o teletraballo e a flexibilización horaria.

Coa declaración do Estado de Alarma, mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE núm. 67 da mesma data e pola Xunta de Galicia, nas Resolucións ditadas o 15 de marzo de 2020, publicadas no DOG núm.51 da mesma data, o Concello de Bergondo, xa comunicou aos seus empregados que o luns 16 de marzo, non acudisen aos seus postos de traballo, agás os responsables dos servizos e os requiridos pola alcaldía ou concellería delegada correspondente.

O luns 16 de marzo, ditouse a Instrucción núm. 3/2020, na que, coa finalidade de preservar a saúde dos seus traballadores/as e colaborar cos organismos oficiais, traslada aos seus empregados/as as seguintes recomendacións: seguir as recomendacións de hixiene marcadas nas citadas Resolucións, nas indicadas na Instrucción 2/2020 e as publicadas nas últimas horas e con respecto ao traballo, favoreceráse o teletraballo ou traballo dende os domicilios e a flexibilización horaria, como se indicou na pasada Instrucción 2/2020 e nas comunicacións dirixidas a todos os/as empregados/as públicos municipais a través de wasap.

Resolveuse tamén que as oficinas do Concello de Bergondo permanecerían pechadas ao público, en tanto dure o Estado de Alarma decretado polo Goberno do Estado ou as súas prórrogas. E que a atención ao público canalizárase de 9:00 a 14:00 horas, de xeito telefónico no teléfono 981791252, e de xeito telemático, a través da Sede electrónica municipal, as 24 horas ao día todos os días da semana, tal e como se ten indicado na publicación deste Concello na web municipal www.bergondo.gal

O Consello de Ministros na súa reunión de 28 de abril de 2020, aprobou o Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19.

O citado Plan aprobado polo Goberno do Estado concibe o levantamento das medidas de contención de modo gradual, asimétrico, coordinado coas comunidades autónomas e adaptable aos cambios de orientación necesarios en función da evolución dos datos epidemiolóxicos e do impacto das medidas adoptadas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

O seu obxectivo fundamental é conseguir que, mantendo como referencia fundamental a protección da saúde pública, recupérese paulatinamente a vida cotiá e a actividade económica, minimizando o risco que representa a epidemia para a saúde da poboación e evitando que as capacidades do Sistema Nacional de Saúde poidanse desbordar. O Plan establece unha fase cero ou preliminar e tres fases de desescalada diferenciadas en función das actividades permitidas en cada unha delas, polas que poderán transitar os diferentes territorios en función de diversos parámetros, criterios e indicadores nel contemplados, ata chegar á Fase III, na que se poñerá fin ás medidas de contención, pero manterase a vixilancia epidemiolóxica, a capacidade reforzada do sistema sanitario e as medidas de autoprotección da cidadanía. a Comunidade Autónoma de Galicia pasou á Fase II o luns 25 de maio.

O Concello de Bergondo encargou á empresa competente na materia TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS SL, a elaboración dun **Plan de Continxencia**, negociado cos representantes dos traballadores, que recolle o establecemento das pautas de actuación que permitan a continuidade da prestación dos servizos garantindo a seguridade e saúde do persoal fronte á exposición ao COVID-19. Ditas pautas inclúen as medidas preventivas a adoptar durante a realización de desprazamentos, medidas de hixiene persoal, así como medidas organizativas no caso de presenza física en oficinas e/ou traballos no exterior en contacto con cidadáns ou outros compañeiros.

Avanzando no proceso preventivo descrito e programando axeitadamente os seguintes pasos a seguir polo Concello de Bergondo, resulta necesario, neste momento, establecer un protocolo de actuación para marcar a reincorporación gradual dos e das empregados/as públicos/as ao traballo presencial, establecendo ao efecto todas as medidas preventivas necesarias para evitar ou minimizar o risco de contaxio.

Polo tanto, o obxectivo fundamental é retornar á actividade seguindo estritamente as recomendacións das autoridades sanitarias e tras aplicar as medidas que se teñan definido no correspondente plan. En ningún caso se procederá a recuperar a actividade se non se compren ambos os dous criterios

Esta Instrución someteuse á consideración dos representantes dos empregados públicos municipais.

2. Ámbito de aplicación.

As previsións contidas na presente Instrucción resultarán de aplicación a todo o persoal empregado público en todos os sectores administrativos e funcionais do Concello de Bergondo, co obxecto de regular a reincorporación gradual dos e das empregados/as públicos/as ao traballo presencial.

3. Planificación da reincorporación ao posto de traballo.

Mediante a presente instrucción establécese o procedemento de posta en marcha da reincorporación ao traballo presencial dos/das empregados/as públicos/as do Concello de Bergondo.

Este procedemento iniciouse cunhas actuacións preliminares, levadas a cabo pola empresa de prevención de riscos laborais contactada polo Concello, que concretouse no Plan de Continxencia aprobado polo Concello de Bergondo, coas cales estase a preparar o retorno dos empregados, con atención a unha serie de parámetros, coa finalidade de adecuar as distintas fases da súa incorporación efectiva á implantación das medidas preventivas necesarias para garantir a protección da súa saúde.

Nos casos en que sexa factible coexistirán o teletraballo coa presenza en oficina tendo presente en todo momento o mantemento da distancia de alomenos dous metros respecto a outro compañeiro. No caso de non ser posible, estableceranse turnos que limiten a presenza de personal na oficina ou se interpoñerán barreiras físicas (mamparas ou similares)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Os responsables de Departamento, baixo a coordinación dos/das titulares das concellarías-delegadas, deberán contar coa relación do persoal cuxas funcións se poden exercer en réxime de teletraballo, así como aqueloutro que non conta no seu domicilio coas ferramentas necesarias para este réxime de traballo ou aquel cuxas funcións non son susceptibles de teletraballo.

Igualmente, procederán á reordenación, atendendo á prestación do servizo e ás necesidades que existan, das quendas de traballo en relación co teletraballo ou o establecemento de quendas presenciais en horarios de mañá ou tarde, para telo en conta por se fose necesario reordenar a afluencia e máis a confluencia do persoal nos edificios.

4. Reincorporación presencial aos centros de traballo

4.1. En primeiro lugar, para prestar o traballo de xeito presencial, deberán ter en conta as medidas preventivas e de hixiene indicadas no Plan de Continxencia aprobado polo Concello de Bergondo. Éste proporcionará aos seus empregados os EPIS precisos para cada posto de traballo.

4.2. Na reincorporación do persoal aos seus centros de traballo teranse en conta tanto as necesidades e a prestación do servizo como a existencia dos colectivos clasificados en cada momento como grupos vulnerables para o COVID-19 polo Ministerio de Sanidade, e a conciliación da vida familiar e laboral, escoitando ao persoal empregado adscrito aos diferentes servizos.

4.3. En todo caso, e seguindo as recomendacións do Goberno do Estado como modalidade preferente, manterase na modalidade de teletraballo a todo o persoal que xa o tivera aprobado, podendo desviarse o teléfono da oficina ao número indicado polo/a empregado/a público/a, agás que as funcións que se desempeñan non sexan, total ou parcialmente, susceptibles de teletraballo. Neste último suposto poderase denegar por causas debidamente xustificadas, debendo producirse a reincorporación presencial co sistema de cita previa.

Neste sentido, deberán ter en conta os períodos de vacacións dos empregados públicos á hora de establecer a alternancia e a presenza nos postos de traballo.

4.4. Na FASE 0 ou de preparación da desescalada, comezaron a levarse a cabo actuacións nos edificios municipais para adaptar os postos de traballo ás medidas sinaladas no Plan de Continxencia.

O persoal adscrito aos servizos esenciais, así identificados na Instrucción 3/2020, continuaron coa prestación presencial dos seus servizos sen interrupción, en concreto, os servizos sociais municipais, a Policía Local e o servizo de limpeza das dependencias municipais.

O persoal de vías e obras incorporouse tamén nesta Fase.

4.5. Na FASE I da desescalada aprobada polo Goberno do Estado, que comezou o 11 de maio ata o 24 de maio, e todavía cos centros municipais pechados ao público, foron incorporáronse aos seus centros de traballo de forma presencial, para os supostos nos que foi preciso, sen prexuízo da prestación de servizos na modalidade de teletraballo:

- O persoal que ocupa os postos de traballo de responsable de Departamento (nas áreas de Secretaría, Intervención, Tesourería, Urbanismo...).
- O persoal de apoio que en cada caso determinou o/a titular das concellerías-delegadas (Secretaría, Cultura e Deportes, Padrón Municipal, Urbanismo, Emprego, Educación...)
- O conserxe de colexio en cumprimento da Resolución do 5 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se lle dá publicidade a diversos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 5 de maio de 2020, para facer viable a apertura dos centros educativos.

Nesta Fase leváronse a cabo sesións presenciais de comisión informativa ordinaria do 21 de maio de 2020 e mesa de contratación, coa asistencia dos seus integrantes.

En relación ao colectivo do persoal integrante dos grupos de risco especificado no Plan de Continxencia, comunicada a súa condición ante a xefatura de persoal, estivo exceptuado de reincorporarse de forma presencial nesta primeira fase.

4.6. Na FASE II da desescalada, que comezou o 25 de maio e ata o 7 de xuño, procederá á incorporación do resto do persoal empregado público ao traballo presencial, nos casos en que sexa preciso, nos distintos centros municipais, tendo en conta que o día 1 de xuño, levántanse a suspensión de prazos e interrupción de termos acordada no Real decreto 463/2020, polo que a partires desa data as oficinas de atención cidadá (registro, estatística, urbanismo, biblioteca...) funcionarán de xeito presencial con cita previa.

A reincorporación organizarase baixo as seguintes premisas, e sempre consonte coas necesidades do servizo:

- Flexibilización da xornada e dos horarios, prevendo a utilización de quendas entre persoal dun mesmo servizo (*neste susposto optarase, en primeiro lugar, polo acordo entre os interesados, de non acadalo, fixarase pola xefatura de persoal*);
- O teletraballo pautado, segundo o establecido no apartado 4.3 anterior, tendo en conta que no caso de establecerse quendas de traballo presencial, o período que corresponda efectuar dende o seu domicilio será en réxime de teletraballo.

No que se refire ao persoal que presente algún tipo de enfermidade ou afección que implique a súa consideración como grupo vulnerable, observarase o disposto na Plan de Continxencia aprobado por este Concello. De ser o caso, poderá incorporarse nesta segunda semana da Fase II e unicamente cando se teña emitido o correspondente informe pola empresa de prevención de riscos laborais e se teñan adoptado as medidas de prevención, adaptación e protección indicadas no mesmo.

4.7. Na FASE III da desescalada, se procederá á reincorporación de todo aquel persoal que non se puido incorporar nas fases anteriores por ocupar postos de traballo nos cales non se cumpría a separación de 2 metros, unha vez acometidos os axustes ou obras necesarias para garantir a indicada distancia mínima de seguridade.

Os servizos de prevención de riscos laborais afectados colaborarán cos centros directivos para realizar unha comprobación de que, en termos xerais, se dá cumprimento ao disposto no presente protocolo para garantir a distancia persoal entre os empregados nos seus postos de traballo.

En todo caso, segue sendo de aplicación, a preferencia do teletraballo nos termos reguladas pola normativa estatal de aplicación.

Esta terceira fase desenvolverase no prazo que indiquen, en atención a criterios sanitarios, as autoridades competentes.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

4.8. Coa finalidade de xestionar axeitadamente o fluxo de visitantes aos edificios municipais, establecerase, con carácter exclusivo, o uso do sistema de cita previa para toda a atención presencial nas seguintes condicións:

- Só se dará o servizo presencial de atención ao público ás persoas que concertasen previamente a súa cita.
- O día 1 de xuño reanúdase os servizos de atención presencial de atención ao público e rexistro, sempre con cita previa, que poderán solicitar de xeito telefónico **no teléfono 981791252**, e de xeito telemático, **a través da Sede electrónica municipal**, as 24 horas ao día, todos os días da semana, <https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/cita/index.html>
- O horario habitual de outorgamento de citas para atención ao público será de 9:00 a 14:30 horas, de luns a venres.
- As citas previas nun servizo que impliquen cita previa noutro, serán coordinadas entre os servizos correspondentes, coa fin de evitar desprazamentos innecesarios.

5. Coordinación de actividades empresariais.

As empresas externas ao Concello da Bergondo cuxo persoal desenvolva o seu traballo nos edificios do concello (tales como mantemento, limpeza, asistencia técnica,...) deberán cooperar na aplicación das medidas de prevención da infección do COVID-19.

Con esta finalidade, os/as responsables dos contratos nos que se dean estas circunstancias deberán remitir a presente Instrucción aos/ás representantes das citadas empresas, xunto co Plan de Continxencia, advertíndolles de que as medidas preventivas incluídas nestes documentos son de obrigatorio cumprimento para o seu persoal así como a obriga de que os/as devanditos/as traballadores/as dispoñan dos EPIS necesarios para o desenvolvemento da súa actividade. Así mesmo, tamén se lle lembrará ao/a responsable da empresa externa a obriga que ten o seu persoal de cumprir os protocolos sanitarios e todas as medidas incluídas nas súas avaliacións de traballo específicas.

No caso das empresas de limpeza, os/as responsables dos correspondentes contratos deberán comunicarlle ás empresas a necesidade de reforzar a hixiene dos centros de traballo. A limpeza e desinfección dos lugares e equipos de traballo son imprescindibles, sobre todo daquelas superficies de contacto frecuente, tanto por parte dos/as traballadores/as como dos/as usuarios/as (pomos de portas, varandas, botóns, baños, mostradores, teléfonos, etc.).

6. Vixencia

A presente Instrucción entrará en vigor o 28 de maio de 2020, logo de audiencia dos representantes dos empregados públicos, e darase traslado da mesma á Comisión Municipal de Seguemento do COVID-1.

Este documento será obxecto de revisión continua, especialmente en atención ás obrigas e ás recomendacións que diten as autoridades sanitarias.

Así mesmo, se se produce unha variación nas circunstancias epidemiolóxicas da infección ou un rebrote da enfermidade, adoptaríanse as medidas oportunas ao respecto.

A presente instrucción será obxecto de difusión entre os/as empregados/as públicos/as mediante a súa notificación por correo electrónico corporativo e no Portal de Transparencia municipal.

Bergondo, 28 de maio de 2020

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez